PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 456 | VIII lexislatura | 25 de abril de 2011

Fascículo 1

## SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)


### 3. Procedementos de control e impulso

#### 3.6. Proposicións non de lei

##### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

##### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-1573 (59352)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o establecemento dunha orde de axudas para garantir un marco estable de apoio aos festivais de cine e de exhibición das creacións audiovisuais, a determinación dos fondos que se van destinar no ano 2011 para este fin, así como o departamento da Xunta de Galicia que se vai encargar das relacións co sector 140427

- 08/PNC-1722(63182)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López-Chaves Castro, Ignacio Javier e sete deputados máis
Sobre o inicio no vindeiro curso das accións necesarias para a ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Alfonso D. Rodríguez Castelao de Navia, no concello de Vigo 140427

- 08/PNC-1710 (62815)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a elaboración polo Goberno galego e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de política industrial cun horizonte de dez anos 140427

- 08/PNC-1261 (49245)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e seis deputados máis
Sobre as actuacións para levar a cabo co fin de posibilitar a continuidade da actividade dos comerciantes que se van ver afectados pola extinción dos seus contratos de arrendamento do local 140427

- 08/PNC-1586 (59648)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co incremento do recibo da luz 140428

- 08/PNC-1680 (62219)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, María Emma
Sobre a presentación polo Goberno galego dun programa de medidas que, respectando o valor patrimonial e medioambiental do cabalo galego do monte, permita protexer os lexítimos intereses dos propietarios agrarios fronte aos danos que ocasionan estes animais 140428

**3.6.2.4. Proposicións rexeitadas**

- 08/PNC-1708 (62806)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación actual dos investigadores galegos 140429

- 08/PNC-1721(63172)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia para iniciar a urbanización do polígono industrial da Barbanza antes de finais do ano 2011 140429

## 4. Procedementos de información

### 4.4. Respostas a preguntas

- 08/4PRE-8521(56584)(63658)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a marca turística galega 140432

- 08/4PRE-9529(58627)(63661)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a situación das obras de construción do novo centro de saúde do concello das Somozas, a data da súa entrada en funcionamento e o orzamento previsto para este fin no ano 2011 140437

- 08/4PRE-9653(59248)(63666)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cajide Hervés, María del Carmen e Fraga Santos, Silvia Belén
Sobre o grao de cumprimento dos obxectivos xerais, así como do contido do Plan de cooperación galega para o desenvolvemento 2010, os resultados obtidos e a repercusión da falta de acordo entre as ONG e o Goberno galego ao respecto, así como a suficiencia da súa dotación orzamentaria 140439

- 08/5PRE-2224 (61457)( 63665)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto
Sobre os datos relativos ás gardas de presenza física, consultas fóra do horario de mañá e xornadas extraordinarias realizadas no Servizo de Traumatoloxía do Hospital Comarcal de Valdeorras nos anos 2008, 2009 e 2010 140440

- 08/5PRE-2587(62133)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello da Cañiza 140442

- 08/5PRE-2588(62134)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello da Guarda 140442

- 08/5PRE-2589(62135)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Arbo 140442

- 08/5PRE-2590(62136)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello das Neves 140442

- 08/5PRE-2591(62137)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Baiona 140442

- 08/5PRE-2592(62138)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Covelo 140442

- 08/5PRE-2593(62139)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Crecente 140442

- 08/5PRE-2594(62140)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Gondomar 140442

- 08/5PRE-2595(62141)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Mondariz 140442

- 08/5PRE-2596(62142)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Mondariz-Balneario 140442

- 08/5PRE-2597(62143)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Mos 140442

- 08/5PRE-2598(62144)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Nigrán 140442

- 08/5PRE-2599(62145)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello do Rosal 140442

- 08/5PRE-2600(62146)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Oia 140442

- 08/5PRE-2601(62147)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Pazos de Borbén 140442

- 08/5PRE-2602(62148)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello do Porriño 140442

- 08/5PRE-2603(62149)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Redondela 140442

- 08/5PRE-2604(62150)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Salceda de Caselas 140442

- 08/5PRE-2605(62151)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Salvaterra de Miño 140442

- 08/5PRE-2606(62152)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Tui 140442

- 08/5PRE-2607(62153)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis

Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Vigo 140442

- 08/5PRE-2772(62340)( 63662)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre o número de empregados públicos transferidos dende a o Estado español á Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005, 2006, 2007, 2008, 2009, 2010 e 2011 140444

# 3. Procedementos de control e impulso
## 3.6. Proposicións non de lei
### 3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
### 3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, na reunión do 20 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións:

- 08/PNC-1573 (59352)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre o establecemento dunha orde de axudas para garantir un marco estable de apoio aos festivais de cine e de exhibición das creacións audiovisuais, a determinación dos fondos que se van destinar no ano 2011 para este fin, así como o departamento da Xunta de Galicia que se vai encargar das relacións co sector
BOPG núm. 416, do 23.02.2011

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir un marco estable de apoio aos festivais de cine e audiovisual que se organizan en Galicia, a través dunha orde de axudas que garanta un acceso igualitario aos recursos públicos destinados a esta finalidade e que utilice criterios e baremos obxectivos na súa resolución.

2. Aclarar de maneira urxente que fondos vai destinar no ano 2011 a apoiar a celebración de festivais relacionados coa exhibición do audiovisual e determinar que departamento da Xunta de Galicia vai ser o interlocutor co sector."

- 08/PNC-1722(63182)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López-Chaves Castro, Ignacio Javier e sete deputados máis
Sobre o inicio no vindeiro curso das accións necesarias para a ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Alfonso D. Rodríguez Castelao de Navia, no concello de Vigo
BOPG núm. 445, do 06.04.2011

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar no vindeiro curso as accións necesarias para a ampliación do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao de Vigo."

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2011
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 19 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 08/PNC-1710 (62815)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a elaboración polo Goberno galego e a presentación no Parlamento de Galicia dun plan de política industrial cun horizonte de dez anos
BOPG núm. 445, do 06.04.2011

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar e presentar no Parlamento, nun prazo de oito meses, un plan de política industrial cun horizonte de dez anos que considere polo menos os seguintes aspectos:

a) Mellora da competitividade das industrias galegas.
b) Proxectos de reindustrialización.
c) Necesidades loxísticas e de transporte.
d) Pulo do transporte de mercadorías por ferrocarril.
e) Programa de innovación e de I+D en colaboración coas universidades e centros de investigación.
f) Programa de captación de investimento directo do exterior.
g) Programa de apertura de novos mercados en colaboración co Icex."

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-1261 (49245)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e seis deputados máis
Sobre as actuacións para levar a cabo co fin de posibilitar a continuidade da actividade dos comerciantes que se van ver

afectados pola extinción dos seus contratos de arrendamento do local
BOPG núm. 324, do 30.09.2010

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Que se habiliten as cámaras de comercio, os centros comerciais abertos ou as asociacións de comerciantes para:
1.a. Informar ao comerciante sobre a posible situación de extinción do seu contrato de arrendamento.

1.b. Se é o caso, asesoralo sobre as distintas opcións para seguir e ante unha posible renegociación das condicións do contrato de arrendamento.

1.c. Informar sobre as distintas liñas de axudas ás que se pode acoller para o traslado do local de negocio.

2. Habilitar dentro do Plan Ágora –agora Re-Comercia– unha liña de axudas específicas para o traslado do negocio cara a outro local co obxectivo de manter a actividade e os postos de traballo."

Aprobación con modificacións:

- 08/PNC-1586 (59648)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co incremento do recibo da luz
BOPG núm. 416, do 23.02.2011

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno do Estado a:

1.º) Adoptar as medidas necesarias para acadar que o prezo final da electricidade sexa en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía e a máxima racionalización dos custos que deben ser satisfeitos polas tarefas de acceso ás redes de transporte e distribución da enerxía eléctrica.

2.º) Que, en todo caso, a suba do recibo da luz non sexa superior ao IPC."

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2011
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 20 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-1680 (62219)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, María Emma
Sobre a presentación polo Goberno galego dun programa de medidas que, respectando o valor patrimonial e medioambiental do cabalo galego do monte, permita protexer os lexítimos intereses dos propietarios agrarios fronte aos danos que ocasionan estes animais
BOPG núm. 436, do 23.03.2011

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar un programa de medidas que, respectando o valor patrimonial e medioambiental do cabalo galego do monte, permita protexer os lexítimos intereses dos propietarios agrarios fronte aos danos que ocasionan os animais e que polo menos recolla as seguintes propostas:

1. Propiciar os cambios legais necesarios que permitan aos concellos o sacrificio inmediato, en matadoiros autorizados, das reses sen identificar que invaden propiedades privadas.

2. Colaborar cos concellos que así o soliciten para facilitarlles asistencia técnica no seu labor de control das reses sen dono.

3. Promover cercados gandeiros para controlar a vexetación e garantir que o gando non invada zonas onde é prexudicial a súa presenza.

4. Crear un rexistro de terreos forestais de pastoreo regulado.

5. Instrumentar procedementos de defensa eficaz dos propietarios ante a presenza de gando sen autorización en terreos privados.

6. Obrigar aos donos de gando en cercados, cando os propietarios dos terreos o esixan, á realización dunha marcaxe visible, ademais do microchip obrigatorio."

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2011
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

### 3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 19 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas:

- 08/PNC-1708 (62806)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación actual dos investigadores galegos
BOPG núm. 445, do 06.04.2011

- 08/PNC-1721(63172)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre as actuacións que debe levar adiante a Xunta de Galicia para iniciar a urbanización do polígono industrial da Barbanza antes de finais do ano 2011
BOPG núm. 445, do 06.04.2011

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2011
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

## 4. Procedementos de información

### 4.4. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na reunión do 15 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 08/4PRE-8521(56584)(63658)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a marca turística galega
BOPG núm. 388, do 13.01.2011

- 08/4PRE-9529(58627)(63661)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre a situación das obras de construción do novo centro de saúde do concello das Somozas, a data da súa entrada en funcionamento e o orzamento previsto para este fin no ano 2011
BOPG núm. 407, do 10.02.2011

- 08/4PRE-9653(59248)(63666)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cajide Hervés, María del Carmen e Fraga Santos, Silvia Belén
Sobre o grao de cumprimento dos obxectivos xerais, así como do contido do Plan de cooperación galega para o desenvolvemento 2010, os resultados obtidos e a repercusión da falta de acordo entre as ONG e o Goberno galego ao respecto, así como a suficiencia da súa dotación orzamentaria
BOPG núm. 412, do 17.02.2011

- 08/5PRE-2224 (61457)( 63665)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e Pose Mesura, Modesto
Sobre os datos relativos ás gardas de presenza física, consultas fóra do horario de mañá e xornadas extraordinarias realizadas no Servizo de Traumatoloxía do Hospital Comarcal de Valdeorras nos anos 2008, 2009 e 2010
BOPG núm. 434, do 21.03.2011

- 08/5PRE-2587(62133)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello da Cañiza

- 08/5PRE-2588(62134)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello da Guarda

- 08/5PRE-2589(62135)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Arbo

- 08/5PRE-2590(62136)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello das Neves

- 08/5PRE-2591(62137)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Baiona

- 08/5PRE-2592(62138)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Covelo

- 08/5PRE-2593(62139)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Crecente

- 08/5PRE-2594(62140)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Gondomar

- 08/5PRE-2595(62141)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Mondariz

- 08/5PRE-2596(62142)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Mondariz-Balneario

- 08/5PRE-2597(62143)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Mos

- 08/5PRE-2598(62144)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Nigrán

- 08/5PRE-2599(62145)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello do Rosal

- 08/5PRE-2600(62146)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Oia

- 08/5PRE-2601(62147)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Pazos de Borbén

- 08/5PRE-2602(62148)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello do Porriño

- 08/5PRE-2603(62149)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Redondela

- 08/5PRE-2604(62150)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Salceda de Caselas

- 08/5PRE-2605(62151)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Salvaterra de Miño

- 08/5PRE-2606(62152)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Tui

- 08/5PRE-2607(62153)( 63664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Lomba, José Manuel e 2 deputados máis
Sobre os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no concello de Vigo

- 08/5PRE-2772(62340)( 63662)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel
Sobre o número de empregados públicos transferidos dende a o Estado español á Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005, 2006, 2007, 2008, 2009, 2010 e 2011
BOPG núm. 439, do 28.03.2011

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2011
José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 ABR. 2011
SAÍDA
Núm. 7471

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 8 ABR. 2011
63658

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 56584,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"a marca turística galega"**, (publicada no BOPG núm.: 388, do 13 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo,** que ten o seguinte contido:

"O apoio do actual Goberno galego ao sector turístico da nosa Comunidade é inequívoco e pode ser valorado analizando os resultados turísticos acadados no pasado ano 2010, no que se rexistraron máis de 9,3 millóns de visitantes, un incremento no volume de viaxeiros aloxados en establecementos de oferta regrada dun 11,4% respecto ao ano 2009 e dun 4,3% respecto ao último Xacobeo 2004 e 9,7 millóns de pernoitas nos diferentes establecementos galegos, o que supón un incremento do 9% respecto ao pasado ano e dun 5,1% respecto ao ano 2004.

Polo que se refire en concreto ao eido do turismo de calidade, o apoio a un sistema de calidade xeralizado de todos os subsectores turísticos de Galicia é precisamente un dos ámbitos nos que máis se está a incidir desde o ano 2009, fronte á anterior lexislatura, tanto no referente ao ámbito da oferta como ao do servizo.

De feito, grazas a esta ambiciosa estratexia -materializada no Plan de Calidade Turística e que continuará a ser desenvolvida no presente ano- Galicia acadou en 2010, con 191 certificacións Q, o seu récord histórico de establecementos coa certificación Q de calidade turística, converténdose na primeira Comunidade Autónoma española en número de novas distincións, cun total de 70, segundo os datos oficiais do Instituto para a Calidade Turística Española -ICTE-. De xeito pormenorizado, acadaron esta distinción 43 hoteis, 58 casas rurais, 6 balnearios, 1 cámping, 1 espazo natural protexido, 2 pazos de congresos, 7 praias, 29 servizos de restauración e 44 axencias de viaxes galegas.

Nesta mesma liña de aposta pola calidade turística, Turgalicia converteuse tamén no ano 2010 na delegación galega do Instituto para a Calidade Turística Española -ICTE- e asinou, por primeira vez, convenios coas asociacións do sector (axencias de viaxes, Turismo Rural, cámpings, hostalería e restauración) para prestar apoio á implantación e renovación das certificacións Q de calidade turística.

Por outra banda, co obxecto de afrontar a promoción e a dinamización do turismo de Galicia no presente ano e nos sucesivos, Turgalicia elaborou unha ambiciosa estratexia de mercadotecnia turística que permite continuar o proceso de introdución e difusión da marca turística de Galicia a través dun plan de actuacións establecido que se corresponde co programa de orzamentos desta sociedade para o presente exercicio.

Neste eido, a posta en marcha da primeira marca turística de Galicia constitúe un fito de grande importancia para o turismo galego que require dunha presentación acorde coa mesma, tanto fronte ao sector como á sociedade en xeral. Presentacións das estratexias de promoción da administración turística que, como é sabido, se enmarcan na liña habitual de traballo de todos os entes de promoción, como é o caso, por exemplo, de Turespaña.

Cómpre sinalar así mesmo que debe diferenciarse claramente entre o proceso de creación da propia marca turística e a campaña de publicidade que se levou a cabo para dala a coñecer, darlle notoriedade e posicionala. Neste sentido, unha marca non é unha campaña publicitaria, senón un xeito de identificar un destino e, polo tanto, non vai dirixida a un público obxectivo concreto, ao contrario que as campañas publicitarias.

Así entendido, o proceso de achegamento á creación da marca turística de Galicia desenvolveuse en varias etapas:

1ª Análise da percepción actual da marca turística de Galicia.

2ª Presentación de pre-proxectos de creación de marca turística.

3ª Creación da marca turística de Galicia.

A nova marca turística foi froito, polo tanto, dunha profunda reflexión baseada na análise dos valores que Galicia posicionou no imaxinario popular e, á vez, na dirección de marca que Turgalicia considerou oportuna en función deste posicionamento previo e da necesidade de dar un paso adiante na estratexia de promoción da nosa Comunidade, partindo dun formulación estratéxica pouco utilizado na comunicación turística de destinos.

A frase 'Gárdasme o segredo' supón un diálogo directo de Galicia co receptor da mensaxe, buscando a complicidade co mesmo. A súa tipografía, alusiva á cultura galega, está inspirada nos códices miniados e manuscritos iluminados dos séculos XII, XIII e XIV, como é o caso das Cantigas de Santa María, e foi deseñada en exclusiva para a marca turística galega.

A creación desta nova marca supón un cambio importante na estratexia de promoción turística da nosa Comunidade, xa que o novo enfoque está

destinado a crear marca destino. Trátase dunha iniciativa orixinal nos destinos turísticos españois que vai requirir dun esforzo engadido en creatividade, tanto no que respecta á produción e redefinición dos produtos turísticos, como ás accións que se leven a cabo para xerar o valor emocional implícito nunha marca de destino.

Neste sentido, como é lóxico, a nova marca estará presente ao longo do ano 2011 e nos anos subseguintes en todas as accións de promoción e comunicación do destino Galicia que se realicen, desde a presenza en feiras nacionais e internacionais, ata nas publicacións, pasando polo uso das novas tecnoloxías, posto que baixo o seu paraugas vanse desenvolver a partir de agora todos os produtos turísticos galegos.

Así mesmo, no pasado ano realizouse unha campaña de publicidade multimedia en medios galegos e nacionais coa finalidade de dar a coñecer esta nova marca e favorecer o seu posicionamento, concretamente dos días 9 ao 30 de decembro. Para esta campaña e para as propias invitacións ao acto de presentación da marca, entregadas no Parlamento de Galicia o mesmo día do evento, elixiuse o formato teaser, co obxectivo de buscar a máxima notoriedade, a diferenciación e a creación de expectativas. Neste liña de traballo, a administración turística galega está a centrar todos os seus esforzos en dar a coñecer e contribuír ao posicionamento da nova marca turística de Galicia, no marco dos principios básicos da busca da calidade e de novos usos de produto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 ABR. 2011
SAÍDA
Núm. 7472

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 8 ABR. 2011
Núm. 63661

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 58627,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"a situación das obras de construción do novo centro de saúde do concello das Somozas, a data da súa entrada en funcionamento e o orzamento previsto para este fin no ano 2011"**, (publicada no BOPG núm.: 407, do 10 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Estamos tramitando un procedemento de rescisión do contrato á empresa adxudicataria, por incumprimento do mesmo, tralo que se volverá a licitar a obra de execución.

O orzamento previsto para este centro no ano 2011 ascende a 628.722,39 €."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 8 ABR. 2011
Núm. 63666

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 ABR. 2011
SAÍDA
Núm. 7476

RS/bl

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 59248**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Cajide Hervés e Silvia Belén Fraga Santos, sobre **"o grao de cumprimento dos obxectivos xerais, así como do contido do Plan de cooperación galega para o desenvolvemento 2010, os resultados obtidos e a repercusión da falta de acordo entre as ONG e o Goberno galego ao respecto, así como a suficiencia da súa dotación orzamentaria"**, (publicada no BOPG núm. 412, do 17 de febreiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia ás distintas cuestións que se formulan nesta pregunta xa foron debidamente expostos polo Goberno na sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, con data de 17 de marzo de 2011, no debate da iniciativa con número de rexistro 59247, presentada polas mesmas deputadas. Remitímonos ao alí exposto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Direccion Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 8 ABR. 2011
Núm. 63665

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 ABR. 2011
SAÍDA
Núm. 7475

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 61457,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María do Carmen Acuña do Campo e don Modesto Pose Mesura, sobre **"os datos relativos ás gardas de presenza física, consultas fóra do horario de mañá e xornadas extraordinarias realizadas no Servizo de Traumatoloxía do Hospital Comarcal de Valdeorras nos anos 2008, 2009 e 2010"**, (publicada no BOPG núm.: 434, do 21 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"As gardas médicas no Hospital Comarcal de Valdeorras realízanse en réxime de localización, a excepción dos facultativos dos servizos de urxencias e medicina interna, que son presenciais.

Durante o ano 2010 o servizo de traumatoloxía deste centro non realizou ningunha xornada extraordinaria programada.

A partír do mes de abril e ata asumir a carteleira dun dos FEAS que cesou por traslado, todos os facultativos deste servizo, de forma equitativa, realizaron varias prolongacións de xornada para atender aos pacientes citados.

O calendario de gardas localizadas dos servizos do Hospital Comarcal de Valdeorras é público para todo o centro."

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 ABR. 2011
SAÍDA
Núm. 7474

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 8 ABR. 2011
Núm. 63664

En relación coas preguntas con resposta escrita **núms.: 62133, 62134, 62135, 62136, 62137, 62138, 62139, 62140, 62141, 62142, 62143, 62144, 62145, 62146, 62147, 62148, 62149, 62150, 62151, 62152 e 62153,** formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Gallego Lomba, sobre **"os investimentos realizados no ano 2010 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en diversos concellos galegos"**, (publicadas en BOPG número 440 do 29 de marzo do 2011, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Educación e Ordenación Universitaria,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta conxunta ás preguntas para resposta escrita números 49853 a 49892, 50049, 50053, 50077, 50078, 50079, 50080, 50143, 50147, 50149, 50155, 50157, 50159, 50160, 50163, 50173, 50176, 50178, 50181, 50185, 50186, 50187, 50189, 50193, 50197, 50201, 50207, 50211, 50215 a 50227, 50230, 50233, 50236, 50238, 50239, 50240, 50241, 50969 a 50977, 50979, 50981, 50982, 50989 a 51045, 51059 a 51104, 51107, 51108, 51111 a 51123, 51125, 51127, 51128, 51129, 51130, 51131, 51185 a 51221, 51223, 51225 a 51230, 51232, 51234, 51236, 51238, 51241, 51244 a 51256, 51258, 51261, 51265, 51267, 51269,

51271 a 51276, 51280 a 51284, 51286, 51298, 51300, 51301, 51302, 51304, 51306, 51307, 51309, 51311, 51312, 51313, 51315 e 51316, resposta que apareceu publicada no BOPG número 392, de data 20/01/2011. Remitímonos ao alí exposto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2011
O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 7 ABR. 2011
SAÍDA
Núm. 7473

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
- 8 ABR. 2011
Núm 63662

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 62340,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"o número de empregados públicos transferidos dende a o Estado español á Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005, 2006, 2007, 2008, 2009, 2010 e 2011"**, (publicada no BOPG núm.: 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda,** que ten o seguinte contido:

"O número de funcionarios traspasados é o seguinte:

| | |
|---|---|
| 2000 | 0 |
| 2001 | 0 |
| 2002 | 0 |
| 2003 | 0 |
| 2004 | 0 |
| 2005 | 0 |
| 2006 | 174 |
| 2007 | 4 |
| 2008 | 212 |
| 2009 | 0 |
| 2010 | 0 |
| 2011 | 0 |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727